# ESCENA GALEGA

## ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

## CATÁLOGO 2026



Escena Galega

# ESCENA GALEGA. ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

Eva Alonso Gómez *(Teatro do Noroeste)*
Presidenta

Antonio «Tone» Martínez Rial *(Galeatro)*
Vicepresidente

Guillermo Carbajo Martínez *(Redrum Teatro)*
Secretario

Marta Iglesias Martín *(Sempre Arriba)*
Tesoureira e vogal de novo circo

Francisco Sieira González *(Fran Sieira Compañía de Danza)*
Vogal de danza e artes do movemento

Rocío Salgado Pérez *(Ártika Cía)*
Paula Quintas Santos *(Paula Quintas Cía)*
Carmen Conde Gaute *(Tarabela Creativa)*
Vogais

Diego V. Meizoso
Xerente

Mon Rivas
Administración e xestión

Noelia Antelo
Comunicación

**escenagalega.gal**

Cidade da Cultura de Galicia
(Centro de Emprendemento, Viveiro 18).
Monte Gaiás s/n 15707
Santiago de Compostela (A Coruña)

info@escenagalega.gal

647 478 236

facebook.com/escenagalega/

escenagalega

# ÍNDICE DE COMPAÑÍAS


A Feroz
A Xanela do maxín
Amorodio Teatro
Artestudio Xestión Cultural
Ártika Cía
Baixo da area Teatro
Butacazero
Caramuxo Teatro
Charlatana
Chévere
Cinema Sticado
Colectivo Glovo
Compañía Humana
Constance Hurlé
Culturactiva
De Ste Xeito Producións
Educateatro Producións
Elefante Elegante
Empatía Teatro
Fran Sieira Compañía de danza
Furia Sotelo
Galeatro
Ibuprofeno Teatro
Ítaca Teatro
Kirenia Danza
La Guajira
La Macana
Laboratorio Escénico
LaGriot'te
Magia en la Manga
Malasombra Producións
Marta Alonso Tejada
Matrioshka Teatro
Nova Galega de Danza
Os Náufragos Teatro
Pablo Méndez Performances
Paula Quintas Cía
Pedras De Cartón
Pérez & Fernández
Pistacatro
Prod. Teatrais Excéntricas
Redrum Teatro
Sarabela Teatro
Sempre Arriba
Talía Teatro
Tanxarina
Tarabela Creativa
Teatro de Ningures
Teatro del Andamio
Teatro do Noroeste
Teatro O Cubo
Títeres Cachirulo
Vacaburra
Viravolta Títeres
Vórtice Escénico
Xampatito Pato


*Foron nomeadas SOCIAS DE HONRA de Escena Galega, pola súa indubidable traxectoria e importancia na historia do sector escénico profesional galego, e o seu traballo no seo desta asociación:*

Ancora Producións
Lagarta, Lagarta
Sarabela Teatro
Teatro do Morcego
Talía Teatro
Tanxarina
Teatro do Atlántico
Teatro do Noroeste
Títeres Cachirulo

# PRESENTACIÓN

[GL] O catálogo de compañías de Escena Galega é dende hai anos unha ferramenta que consideramos fundamental na nosa estratexia de visibilización e apoio á promoción do traballo das nosas produtoras socias. Decidimos hai tempo desfacernos do formato en papel, mais continuamos acreditando na utilidade desta ferramenta, agora só en liña e que, alén da información sobre as nosas asociadas, permitiravos ter unha perspectiva real do que somos e o que facemos en Escena Galega. E coma sempre… agardamos seguir véndonos nos teatros, nas rúas e nas prazas.

**[ES]** El catálogo de compañías de Escena Galega es desde hace años una herramienta que consideramos fundamental en nuestra estrategia de visibilización y apoyo a la promoción del trabajo de nuestras productoras socias. Decidimos hace tiempo deshacernos del formato en papel, pero continuamos creyendo en la utilidad de esta herramienta, ahora sólo en línea y que, más allá de la información sobre nuestras asociadas, os permitirá tener una perspectiva real de qué somos y lo que hacemos en Escena Galega. Y como siempre… esperamos seguir viéndonos en los teatros, en las calles y en las plazas.

# QUEN SOMOS E QUE FACEMOS?

ESCENA GALEGA (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas) é a asociación de referencia para o sector profesional das artes escénicas en Galicia, creada en marzo de 2002 por iniciativa de 16 compañías de teatro. Actualmente está formada por 56 compañías e empresas produtoras, como resultado dun proceso de confluencia e cohesión iniciado no 2015 para reforzar o posicionamento da asociación como interlocutora coas institucións e demais axentes do medio, e para impulsar así mesmo o desenvolvemento empresarial de cara á modernización do sector, sen perder a identidade das compañías como motores creativos das artes escénicas galegas.

A día de hoxe ESCENA GALEGA abrangue a unha enorme porcentaxe do sector escénico profesional galego, compoñendo un conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional, nos eidos do teatro para a infancia e a mocidade, teatro para público adulto, monicreques, danza e artes do movemento, ilusionismo e novo circo.

# CARTA DE SERVIZOS QUE ESCENA GALEGA OFRECE ÁS SÚAS COMPAÑÍAS ASOCIADAS

O decálogo de servizos que a asociación presta ás súas produtoras asociadas é o seguinte:

**Programa de formación continua,** capacitación profesional e consultoría de balde, en eidos como a xestión empresarial, as estratexias de produción e distribución, comunicación e redes sociais, fundamentos xurídicos, financiamento ou xustificación de axudas públicas.

A coorganización coa Agadic do **mercado galego das artes escénicas** Galicia Escena Pro.

O proxecto de **intercambio cultural** por medio das artes escénicas Camiño Escena Norte, coas nosas entidades parceiras EscenAsturias (Asturias), Acepae (Cantabria), Eskena (Euskadi) e Esna (Navarra) e AEscena (A Rioxa).

A **interlocución permanente coa Agadic-Xunta de Galicia** para a mellora das convocatorias de axudas públicas de creación e distribución e os circuítos RGTA (Rede Galega de Teatro e Auditorios) e Cultura no Camiño.

A **interlocución permanente coas Deputacións Provinciais** para a mellora dos seus programas e circuítos, nomeadamente a Rede Cultural da Coruña e o programa + Escena de Pontevedra.

O **traballo en rede a nivel estatal** co resto de asociacións homólogas noutras Comunidades, baixo o paraugas da federación Faeteda, e no que intervimos en cuestións como a interlocución co Ministerio e INAEM, comisións de traballo sobre o programa PLATEA ou ordenamento xurídico do sector dependente do ámbito estatal.

**Comisións e mesas de traballo permamentes** nas que participan todas as compañías asociadas interesadas e sobre os temas e cuestións de interese para o sector.

A organización das **Xornadas Profesionais anuais,** o único foro profesional estable de debate e intercambio de coñecemento do sector escénico profesional galego dende hai máis de 15 anos, e da **Xornada de Promoción Escénica e Musical de Galicia,** en colaboración con AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais).

**Asesoría legal, fiscal e laboral de balde.** Contamos tamén puntualmente cun servizo de consultoría e asesoramento gratuítos sobre axudas públicas.

**Promoción e difusión da actividade profesional** por medio da publicación do noso catálogo de compañías, vídeo promocional e asistencia a feiras e foros sectoriais (Mercartes, Fira Tárrega, MADFeria, Fetén, Ciudad Rodrigo…)

# PROXECTOS ESTRATÉXICOS DA ASOCIACIÓN

## GALICIA ESCENA PRO

galiciaescenapro.gal

Escena Galega coorganiza dende o 2019 o mercado galego das artes escénicas xunto á Xunta de Galicia, por medio da Agadic. Dende a súa sétima edición, a cita anual inaugura un novo xeito de funcionamento e de xestión que mantén e reforza as finalidades coas que naceu este evento. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e doutras actividades, Galicia Escena PRO continúa a tomarlle o pulso á actualidade do sector. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma dende a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e programadoras, e demais axentes culturais.

Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artella un punto de encontro profesional indispensable do noso sistema escénico, que busca estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.



# CAMIÑO ESCENA NORTE

escenanorte.com

Camiño Escena Norte é unha inciativa promovida polas asociacións de produtoras de artes escénicas EscenaGalega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), Acepae (Cantabria), Eskena (Euskadi), Esna (Navarra) e Aescena (A Rioxa), un proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi, Navarra e A Rioxa que desprega unha intensa programación de actividades en máis de 60 sedes destas 6 Comunidades, por medio do circuíto de teatro, danza e novo circo Itinerario Constelacións e da programación expandida Camiño Expandido, con encontros, obradoiros, accións de formación ou estancias de creación artística.

# A FEROZ

## AFEROZ.GAL



**[GL]** Nace no 2016 ca ansia de dar contexto ao noso amor. ▸ Amor. Amor pola verdade, polos proxectos honestos, por contar dende as tripas o que nos sucede, pola mestura das artes, de disciplinas, de ciencias, de corpos e de miradas. ▸ Esta compañía nace coa vontade clara de trascender xuntos as nosas barreiras persoais para poñer en común en escena as preguntas e todas as posibles respostas. ▸ Nacemos á vida como promesa. Todo o que temos queda depositado aí, na posibilidade infinita de chegar a ser todo o que se pode ser a través da arte.

**[ES]** Feroz Sociedade Coop. Galega nació en 2016 con el deseo de contextualizar nuestro amor. Amor. Amor por la verdad, por proyectos honestos, por contar desde las entrañas lo que nos sucede, por la mezcla de artes, disciplinas, ciencias, cuerpos y miradas. ▸ Esta compañía nació con la clara voluntad de trascender juntos nuestras barreras personales para plantear juntos preguntas y todas las respuestas posibles. ▸ Nacemos a la vida como una promesa. Todo lo que tenemos está depositado allí, en la infinita posibilidad de convertirnos en todo lo que podemos ser a través del arte.


650 817 872
Bea Romero
aferozferoz@gmail.com
Rúa Mesón 14. Ponte Sampaio.
36690 Pontevedra
aferozteatro
aferozteatro/
A Feroz

# A FEROZ

EN CARTEL

**BULEVAR PAPAGAIO.** É un espectáculo teatral baseado no libro *Papagaio* (Laiovento, 2006), de Luísa Villalta e Maribel Longueira, que documenta o derrubamento do antigo barrio das putas da Coruña e a súa xentrificación.

Es un espectáculo teatral basado en el libro *Papagaio* (Laiovento, 2006), de Luísa Villalta y Maribel Longueira, que documenta la demolición del antiguo barrio de burdeles de A Coruña y su gentrificación.

**FRÍO.** Akaki vive protexido pola rutina ata que un suceso doméstico introduce a luz do desexo na súa existencia gris. *Frío* é un espectáculo de teatro físico, máscaras e música en directo baseado libérrimamente en *O abrigo* de Nikolái Gógol.

Akaki vive protegido por la rutina hasta que un suceso doméstico introduce la luz del deseo en su gris existencia. *Frío* es un espectáculo de teatro físico, máscaras y música en vivo, libremente inspirado en *El abrigo* de Nikolai Gógol.

**A FORTALEZA.** (Estrea no 2026). Inspiradas pola guerrilleira galega Chelo, abrimos unha fenda no tempo para explorar as pegadas invisibles da loita e as violencias que nos atravesan, a través dunha mitoloxía, fantasía e paisaxes propias. Unha viaxe escénica que nos lembra que cada xesto pode ser resistencia.

Inspirados por la guerrillera gallega Chelo, abrimos una grieta en el tiempo para explorar las huellas invisibles de la lucha y la violencia que nos impregna, a través de nuestra propia mitología, fantasía y paisajes. Un viaje escénico que nos recuerda que cada gesto puede ser resistencia.








# A XANELA DO MAXÍN

AXANELADOMAXIN.COM



**[GL]** A súa creación artística caracterízase pola pola fusión de diferentes disciplinas e linguaxes escénicas: teatro actoral, de monicreques, visual e de obxectos. ▸ Este enfoque enriquecese cun uso salientable da iluminación e a escenografía, así como coa creación dun espazo sonoro que frecuentemente incorpora música en directo. ▸ Aínda que a súa produción se centra en espectáculos dirixidos ao público infantil e familiar, a actividade artística da compañía vai máis alá do escenario: desenvolve proxectos audiovisuais, realiza intervencións educativas de teatro social e edita libros teatrais a través de Guindastre Edicións.

**[ES]** Su creación artística se caracteriza por la fusión de diferentes disciplinas y lenguajes escénicos: teatro actoral, de títeres, visual y de objetos. ▸ Este enfoque se enriquece con un uso destacado de la iluminación y la escenografía, así como con la creación de un espacio sonoro que a menudo incorpora música en directo. ▸ Aunque su producción se centra en espectáculos dirigidos al público infantil y familiar, la actividad artística de la compañía va más allá del escenario: desarrolla proyectos audiovisuales, realiza intervenciones educativas de teatro social y edita libros teatrales a través de Guindastre Edicións.


635 364 587
Celtia Figueiras
info@axaneladomaxin.com
Lg. Quintáns 18. 15865 Brión. (A Coruña)
axaneladomaxin
axaneladomaxin
axaneladomaxin


produciós teatrais Xanela do maxín

EN CARTEL

**O MONSTRO DE CORES.** O Monstro de Cores esperta coas emocións mesturadas e, coa axuda dunha amiga, emprende unha aventura para recoñecer, nomear e entender o que sente.

El Monstruo de Colores se despierta con las emociones revueltas y, con la ayuda de una amiga, emprende una aventura para reconocer, nombrar y entender lo que siente.

**RATO PÉREZ.** Rato Pérez vive unha aventura chea de maxia, humor e acción mentres recolle os dentes das nenas e nenos.

Ratoncito Pérez vive una aventura llena de magia, humor y acción mientras recoge los dientes de las niñas y los niños.

**A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA.** A Toupiña percorre a granxa, indignada, para descubrir que animal lle deixou un cheirento "pucho" na cabeza, nunha aventura cómica e escatolóxica..

El topo recorre la granja, indignado, para descubrir qué animal le dejó un apestoso "sombrerito" en la cabeza, en una aventura cómica y escatológica.

**AGASALLOS DO APALPADOR.** Xunto á súa amiga e coa axuda das nenas e nenos, o Apalpador emprende unha viaxe para devolverlle ao mundo xoguetes e palabras esquecidas.

Junto a su amiga y con la ayuda de las niñas y los niños, el Apalpador emprende un viaje para devolver al mundo juguetes y palabras olvidadas.



© Asestelo Fotografía



© Asestelo Fotografía



# AMORODIO TEATRO

AMORODIOTEATRO.COM




**[GL]** Formado por Carmen Facorro e Javier Castiñeira, é unha contradicción en si mesma. ▸ Pois sempre lle damos valor ao de fóra, mentres desprestixiamos o de dentro. ▸ Nós pretendemos cambiar este sentimento, para antes de sentir a morriña poder darmos o valor que a historia non nos deixou representar. ▸ Somos moito máis ca unha paisaxe, unha boa enchenta ou unha verbena. Pero, quen somos realmente?

**[ES]** Formado por Carmen Facorro y Javier Castiñeira, es una contradicción en sí misma. ▸ Pues siempre damos valor al exterior, mientras desacreditamos el interior. ▸ Pretendemos cambiar este sentimiento, para que antes de sentir añoranza podamos darle el valor que la historia no nos dejó representar. ▸ Somos mucho más que un paisaje, una buena comilona o una fiesta. ¿Pero quiénes somos realmente?

697 828 552 (Javi) | 666 129 454 (Carmen)

Javier Castiñeira & Carmen Facorro

amorodioteatro@gmail.com

Cedelle, 27. Larazo.
36599 Vila de Cruces (Pontevedra)

Amorodio Teatro

amorodioteatro

amorodioteatro

## AMORODIO TEATRO

EN CARTEL

**BRAZALETES.** Reconstrúe a historia dos últimos fusilamentos do franquismo e das reaccións da sociedade civil da época, a través dunha mirada contemporánea e crítica sobre a complexa relación entre o fútbol e a política.

Reconstruye la historia de los últimos fusilamientos del franquismo y de las reacciones de la sociedad civil de la época, a través de una mirada contemporánea y crítica sobre la compleja relación entre el fútbol y la política.

**CORTELLO DE AMOR.** Unha comedia, moi galega, con retranca e sotaque que trata unha problemática actual como é os disparatados prezos dos alugueiros así como o turismo non sostible.

Una comedia, muy gallega, con retranca, que aborda una problemática actual como son los disparatados precios de los alquileres, así como el turismo insostenible.

**A NAI.** A través das figuras das irmás Touza, salvadoras dunha cantidade estimada de 500 persoas durante o Holocausto, exploramos a posibilidade de sermos mellores persoas en tempos de degradación moral.

A través de las figuras de las hermanas Touza, salvadoras de una cantidad estimada de 500 personas durante el Holocausto, exploramos la posibilidad de ser mejores personas en tiempos de degradación moral.







# ARTESTUDIO | CIA EXIRE

## ARTESTUDIOXESTIONCULTURAL.COM | EXIRECIA.COM



**[GL]** Artestudio é unha empresa creada en 2005 que traballa no ámbito da xestión cultural e artística. Conta cun equipo interdisciplinar procedente da educación, as artes escénicas, o tempo libre e a animación sociocultural. ▸ Desenvolve proxectos culturais e espectáculos de danza, teatro, música e animación, adaptándose ás necesidades de cada entidade. ▸ Distribúe compañías como Cía Exire, Kirenia Danza e Artestudio Teatro, entre outras. ▸ A CÍA Exire é unha compañía de danza urbana e contemporánea residente en A Coruña. Ten 20 anos de experiencia en artes escénicas. ▸ Está formada polas creadoras Estefanía Gómez e Alba Fernández.

**[ES]** Artestudio es una empresa creada en 2005 que trabaja en el ámbito de la gestión cultural y artística. Cuenta con un equipo interdisciplinar procedente de la educación, las artes escénicas, el tiempo libre y la animación sociocultural. ▸ Desarrolla proyectos culturales y espectáculos de danza, teatro, música y animación, adaptándose a las necesidades de cada entidad. ▸ Distribuye compañías como Cía Exire, Kirenia Danza y Artestudio Teatro, entre otras. ▸ La CÍA EXIRE es una compañía de danza urbana y contemporánea residente en A Coruña. Cuenta con 20 años de experiencia en las artes escénicas. ▸ Está formada por las creadoras Estefanía Gómez y Alba Fernández.


630867712 | 696723016

Fany Vázquez | Ramiro Neira

produccion@artestudioxestioncultural.com

Ronda de Outeiro, 35, entreplanta esquerda B. 15009 A Coruña

Cía.Exire

ciaexire

artestudioxc

ciaexire


artestudio

# ARTE ESTUDIO | CIA EXIRE

**FUGACES.** Momentos que chegan á túa vida para darche algo e logo marchan. Aprender a soltar, a deixar que as cousas flúan. Momentos, persoas e emocións fugaces que convidan a reflexionar sobre a túa vida.
Momentos que llegan a tu vida para darte algo y luego se van. Aprender a soltar, a que las cosas fluyan. Momentos, personas, emociones fugaces que inspiran a reflexionar sobre tu vida.

**NEXOS.** *Nexos* desvela a complicidade que existe entre dúas persoas, as súas memorias compartidas, a procura do recordo que a sostén no tempo. Un percorrido polos momentos que quedaron gravados no noso corpo.
*Nexos* desvela la complicidad que existe entre dos personas, sus memorias compartidas, la búsqueda del recuerdo que la sostiene en el tiempo. Recorrido por los momentos que quedaron grabados en nuestro cuerpo.

**TRES.** Tres pezas nun mesmo espazo, interpretadas por tres mulleres que emprenden unha viaxe efémera que xorde dunha enerxía que nos move. Tres é a unión de *On, Fugaces e Nexos*.
Tres piezas en un mismo espacio, interpretadas por tres mujeres que emprenden un viaje efímero que surge de una energía que nos mueve. Tres es la unión de *On, Fugaces y Nexos*

**CICATRIZ.** De Kirenia Danza. Peza de danza que encarna o poema homónimo de Antón Reixa, explorando o desexo como motor vital en dous corpos unidos pola experiencia e a resistencia. Un diálogo interxeracional que celebra a vulnerabilidade, a inclusión e a verdade escénica.
Pieza de danza que encarna el poema homónimo de Antón Reixa, explorando el deseo como motor vital en dos cuerpos unidos por la experiencia y la resistencia. Un diálogo intergeneracional que celebra la vulnerabilidad, la inclusión y la verdad escénica.





© Pablo Vargas

# ÁRTIKA CÍA

## ARTIKAVIGO.COM/ARTIKA-CIA/

**[GL]** Ártika Cía nace nun momento combulso da sociedade, estabamos a vivir a Covid-19, e aí é onde nos replantexamos a nosa labor. Na sala Ártika levabamos traballando para o público dende o 2014. E foi no 2021 que decidimos lanzarnos a producir os noso propios espectáculos, para desenvolver unha liña que ata o de agora estaba en pausa. A nosa primeira proposta foi unha Co-produción co centro Dramático Galego. Con esta experiencia o que pretendiamos era coñecer os gustos do espectador, e permitirnos unha análise do mesmo que moi poucas veces é factible. Logo disto *A illa da deslembranza*, que marcará o camiño da cía, o teatro social. Nos nosos seguintes espectáculos *Mosca, Pum! Pum! Quen hai?, Non Pasarán* e *O Libro da Selva* o labor social vai en aumento, beneficíandonos de poder traballar con con directores e directoras como Manuel Mansilla, Gustavo del Rio e Tito Asorey.

**[ES]**Ártika Cía nace en un momento compulso de la sociedad, estábamos en pleno Covid-19, y ahí es donde nos replanteamos nuestro labor. En la sala Ártika llevábamos trabajando para el público desde el 2014. Y en 2021 decidimos lanzarnos a producir nuestros propios espectáculos, para desenvolver una línea que hasta el momento estaba en pausa. Nuestra primera propuesta fue una Co-produción con el centro Dramático Galego. Con esta experiencia lo que petendíamos era conocer los gustos del espectador, y permitirnos un análisis del mismo que muy pocas veces es factible. Despues de esto *Los piratas del olvido* que marcará el camino de la cía, el teatro social. En nuestros siguientes espectáculos *Mosca, Pum! Pum! Quíen va?, Non Pasarán y OLDSOM* la labor social irá en aumento beneficiándonos de poder trabajar con directores y directoras como Manuel Mansilla, Gustavo del Rio y Tito Asorey.





627 165 468

Rocío Salgado

rocio.salgado@artikavigo.com

Av. Beiramar 113. 36208 Vigo (Pontevedra)


Ártika Cía

Ártika Cía

Ártika Cía

**PUM! PUM! QUEN HAI? PUM! PUM! QUIEN VA?** Na aldea de Gaia onde a rutina cobre todo, un día chegan novos veciños, e o medo aparece nos adultos, que pasa cos cambios? Unha divertida comedia musical onde marcharás cantando seguro.

En la aldea de Gaia donde la rutina cubre todo, un día llegan nuevos vecinos, y el miedo se instala en los adultos, que pasa con los cambios? Una divertida comedia musical donde te irás cantando seguro.

**NON PASARÁN.** *Non pasarán* desenvólvese nun país/ lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: “Non pasarán”, un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade.

*Non pasarán* se desarrolla en un país/ lugar sacudido por una ola de incendios provocados por una organización desconocida. El lema de la ciudadanía es claro: “No pasarán”, una llamada a no permitir la entrada de extraños en los hogares, que podrían poner en peligro su integridad y a la comunidad.

**O LIBRO DA SELVA. O MUSICAL.** A historia segue os pasos de Mowgli, unha nena humana criada por unha manda de lobos, que debe enfrontarse ao desafío de atopar o seu lugar na comunidade.

Mowgli, una niña humana criada por una manada de lobos, debe enfrentarse al desafío de encontrar su lugar en la comunidad.







# BAIXO DA AREA TEATRO

## BAIXODAAREATEATRO.COM

© Mario García Herradón



**[GL]** Baixo da area teatro propón un traballo dende a investigación escénica e o compromiso social. ▸ Os seis espectáculos poden trasaladanse a espazos non convencionais con intervencións espaciais e a búsqueda do performativo. ▸ Complementa o seu traballo de creación e produción coa colaboración na Escola Palimoco Teatro e Danza de Lugo e a compañía de Teatro Down de Lugo. ▸ Dende 2024 ten un programa de acompañamento.

**[ES]** Baixo da area teatro propone un trabajo basado en la investigación escénica y el compromiso social. ▸ Los seis espectáculos se trasladan muchas veces a espacios no convencionales, con intervenciones espaciales y la búsqueda de lo performativo. ▸ Complementa su labor de creación y producción con la colaboración en la Escola Palimoco Teatro e Danza de Lugo y la compañía Teatro Down de Lugo. ▸ A partir de 2024, cuenta con un programa de acompañamiento.


649 948 266

Paloma Lugilde Rodríguez | Oscar Lago Fernández

Baixodaarea@gmail.com

Puñago 4. O Cádavo. 27130 Baleira (Lugo)

baixodaareateatro

baixodaareateatro

Baixodaarea


baixodaareaTeatro

# BAIXO DA AREA TEATRO

EN CARTEL

**POETA EN NOVA YORK.** Unha adaptación teatral do poemario de Lorca, obra de irremediable actualidade. Recollendo a súa labor de denuncia dende o noso compromiso social, quere espertar a unha parte enferma da sociedade que non quere saber. Detecta o shock dunha conciencia sobrestimulada, a negación de todo estado contemplativo, a melancolía e a soidade do individuo no capitalismo.O espazo escénico desenvolvese en 360 graos co público no escenario. Música en directo.

Una adaptación teatral del poemario de Lorca, una obra de irremediable actualidad. Recogiendo su trabajo periodístico desde nuestro compromiso social, quiere despertar a una parte enferma de la sociedad que no quiere saber. Detecta el shock de una conciencia sobreestimulada, la negación de cualquier estado contemplativo, la melancolía y la soledad del individuo en el capitalismo. El espacio escénico se desenvuelve en 360 grados con el público en el escenario. Música en directo.



# BUTACAZERO

## BUTACAZERO.COM

© Geraldine Leloutre



**[GL]** ButacaZero é a plataforma creativa de Esther F. Carrodeguas e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga coa actualidade dende unha mirada crítica e irónica. ▸ ButacaZero popularizouse en Galicia no ano 2016 grazas á estrea de *Voaxa e Carmín* na Mostra Internacional Ribadavia e desde entón estiveron coas súas montaxes en case todos os teatros, feiras e festivais de Galicia. No 2023, coa estrea de *Iribarne*, coproducida pola MIT de Ribadavia e o Centro Dramático Nacional, a compañía comeza a xirar a nivel estatal e mesmo Internacional, pasando nos últimos anos non só polas mellores prazas do estado senón tamén polo prestixioso Festival de Huesca, por FETEN e mesmo o FIDAE (Festival Internacional de Artes Escénicas de Uruguay).

**[ES]** ButacaZero es la plataforma creativa de Esther F. Carrodeguas y Xavier Castiñeira, que proponen un teatro que dialoga con la actualidad desde una mirada crítica e irónica. ButacaZero se popularizó en Galicia en el año 2016 gracias al estreno de *Voaxa e Carmín* (*Las dos en punto*) en la Mostra Internacional Ribadavia y desde han estado en casi todos los teatros y ferias y festivales de Galicia. **En** 2023, con el estreno de *Iribarne*, coproducida por la MIT de Ribadavia y el Centro Dramático Nacional, la compañía empieza a girar también a nivel estatal e incluso internacional, pasando en los últimos años no solo por las mejores plazas del estado, sino también por el prestigioso Festival de Huesca, por FETEN y el FIDAE (Festival Internacional de Artes Escénicas de Uruguay).


629 694 432
Esther F. Carrodeguas
info@butacazero.com
Lugar O Monte, 7. 36413 O Porriño (Pontevedra)
ButacaZero
butacazero
butacazero
butacazero


BUTACAZERO

**IRIBARNE.** Proxecto de investigación escénica arredor da figura de D. Manuel Fraga Iribarne. Co auténtico selo crítico-irónico da compañía.

Proyecto de investigación escénica en torno a la figura de D. Manuel Fraga Iribarne. Con el auténtico sello crítico-irónico de la compañía.

**MELÓN PELADO.** Espectáculo entre a narración oral, o teatro documental e o teatro de obxectos que reflicte a investigación de Esther Carrodeguas sobre as *rapadas* da Guerra Civil.

Espectáculo entre la narración oral, el teatro documental y el teatro de objetos que refleja la investigación de Esther Carrodeguas sobre las *rapadas* de la Guerra Civil.

**O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA.** Proxecto de auto[NON] ficción no que Carrodeguas aborda a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia.

Proyecto de auto[NO]ficción en el que Carrodeguas aborda la relación con su cuerpo, marcada por la gordofobia.


© Diego Seixo


© Diego Seixo


© Ana Barceló


© Rosiña Rojo


© Ana Barceló

# CARAMUXO TEATRO

## CARAMUXOTEATRO.COM



**[GL]** É unha compañía de teatro infantil e familar nacida na Coruña no ano 2003, dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. ▸ Crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade có público mais novo. ▸ Dende os inicios mistura diferentes técnicas, teatro de actor, títeres, danza... ▸ A liña de traballo parte duns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, tratando de ser un referente de producións de calidade.

**[ES]** Es una compañía de teatro infantil y familar nacida en A Coruña en el año 2003, dirigida por Juan Rodríguez y Laura Sarasola. ▸ Crea espectáculos poéticos y visuales para disfrutar en familia, teniendo una especial responsabilidad con los públicos más jóvenes. ▸ Desde sus inicios mezcla diferentes técnicas: Teatro de actor, títeres, danza... ▸ Su línea de trabajo parte de narrativas elaboradas a partir de la experiencia en el campo educativo, intentando de ser un referente de producciones de calidad.


610 848 781-699 521 803

Laura Sarasola

info@caramuxoteatro.net

Padre Rosendo Salvado, 10 Baixo.
15002 A Coruña

teatrocaramuxo

MsCaramuxo


CARAMUXO TEATRO

# CARAMUXO TEATRO

EN CARTEL

**OS SENTEITO.** Comedia de máscara integral. A partir de 4 anos. Aborda a importancia da convivencia entre diferentes e o dereito á vivenda. O señor Senteito vive nun pequeno contedor nunha pequena parcela do seu mundo vendo o día a día pasar. Un día chega a señora Senteito e a súa rutina mudará para sempre.

Comedia de máscara integral. A partir de 4 años. Aborda la importancia de la convivencia entre diferentes y el derecho a la vivienda. El señor SinTecho vive en un pequeño contenedor en una pequeña parcela de su mundo viendo el día a día pasar. Un día llega la señora SinTecho y su rutina cambiará para siempre.

**REDONDO.** Espectáculo para a primeira infancia. A partir de 6 meses. A mr. Round fascínanlle todos aqueles obxectos redondos, os máis curiosos obxectos con forma de circunferencia. Un día, na súa incesante procura, atopará unha asombrosa esfera que agocha historias sorprendentes. Unha proposta visual, case sen palabras, para gozar en familia.

Espectáculo para la primera infancia. A partir de 6 meses. A Mr. Round le fascinan todos aquellos objetos redondos, los más curiosos objetos con forma de circunferencia. Un día, en su incesante búsqueda, encontrará una asombrosa esfera que esconde historias sorprendentes. Una propuesta visual, casi sin palabras, para disfrutar en familia.

**CRISÁLIDA.** Teatro de máscara integral. A partir de 4 anos. É o espectáculo número 25 da Compañía, co que cumpre 20 anos de traxectoria. Esta comedia quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado, cada vez máis dixitalizado. Facer unha homenaxe a este concepto de comercio que crea convivencia e comunidade. Seleccionado en Camiño Escena Norte 2023. Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2024.

Teatro de máscara integral. A partir de 4 años. Es el espectáculo número 25 de la Compañía, con el que cumple 20 años de trayectoria. Esta comedia quiere poner en valor la importancia del comercio tradicional en un mundo globalizado, cada vez más digitalizado. Hacer un homenaje a este concepto de comercio que crea convivencia y comunidad. Seleccionado en Camino Escena Norte 2023. Premio María Casares al Mejor Espectáculo Infantil 2024.

**A NENA QUE VIVÍA NUNHA CAIXA DE MISTOS.** Teatro de actriz e monicreques. A partir de 3 anos. Peza cunha linguaxe contemporánea e multidisciplinar que trata o tema da pobreza infantil e a orfandade, mais cunha mensaxe positiva, sobre o poder do cambio. Proposta de teatro de actriz e monicreques case sen palabras, que recorda ás películas clásicas en branco e negro e con música en directo. Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2023.

Teatro de actriz y títeres. A partir de 3 años. Pieza con un lenguaje contemporáneo y multidisciplinar que trata el tema de la pobreza infantil y la orfandad, pero con un mensaje positivo sobre el poder del cambio. Propuesta de teatro de actriz y títeres casi sin palabras, que recuerda a las películas clásicas en blanco y negro y con música en directo. Premio María Casares al Mejor Espectáculo Infantil 2023.

**CATRO.** Espectáculo para a primeira infancia. A partir de 1 ano. Catro lados ten un cadrado, catro son as estrelas que vexo dende a miña habitación, catro os recunchos do meu lugar favorito... *Catro* é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida a través do movemento coma linguaxe, como canle de coñecemento.

Espectáculo para la primera infancia. A partir de 1 año. Cuatro lados tiene un cuadrado, cuatro son las estrellas que veo desde mi habitación, cuatro los rincones de mi lugar favorito... *Cuatro* es la experimentación a partir de un número que se repite en nuestra vida a través del movimiento como lenguaje, como canal de conocimiento.









# CHARLATANA

## CHARLATANA.ORG




**[GL]** Espazo de creación, produción e distribución artística que nace co obxectivo de impulsar propostas artísticas diversas e de calidade. ▸ Circo, música, teatro infantil, contos, obradoiros, xogos colaborativos, maxia, animación, pasarrúas… En Charlatana convivimos moitas disciplinas e estilos, todos orientados a construír experiencias escénicas que acheguen á sociedade, conviden á reflexión e transmitan os nosos valores. ▸ Traballamos arredor de principios que nos definen: a igualdade, a cooperación, a sustentabilidade e a defensa da nosa lingua e cultura.

**[ES]** Espacio de creación, producción y distribución artística que nace con el objetivo de impulsar propuestas artísticas diversas y de calidad. ▸ Circo, música, teatro infantil, cuentos, talleres, juegos colaborativos, magia, animación, pasacalles… En Charlatana convivimos muchas disciplinas y estilos, todos orientados a construir experiencias escénicas que aporten a la sociedad, inviten a la reflexión y transmitan nuestros valores. ▸ Trabajamos en torno a principios que nos definen: la igualdad, la cooperación, la sostenibilidad y la defensa de nuestra lengua y cultura.

645 053 589
Déborah Romero
charlatana@charlatana.org
Perguiza, 218. Cabo da Cruz.
15939, Boiro (A Coruña)
charlatanascg
Charlatana

**CONSERTASSO NA HORTA.** Grelos e temassos, cun equilibrio variado de formas e estilos, como debe ser nun ecosistema musical diverso e saudable!

Grelos y temazos, con un equilibrio variado de formas y estilos, ¡como debe ser en un ecosistema musical diverso y saludable!

**4 MONOS.** Hai moitos anos, no Afastado Oriente, naceu un símbolo que viña do poder para reprimir ao pobo: os Tres Monos Sabios. Un mono non oía o que pasaba ao seu redor. Outro non quería ver o que tiña diante. E o último calaba a boca para non dicir todo o que pensaba.

Hace muchos años, en el Lejano Oriente, nació un símbolo que venía del poder para reprimir al pueblo: los Tres Monos Sabios. Un mono no oía lo que pasaba a su alrededor. Otro no quería ver lo que tenía delante. Y el último guardaba silencio para no decir todo lo que pensaba.

**CONCERTO PUNKINFANTIL.** O punk é ir a contracorrente, non ser coma a maioría porque cada unha de nós é diferente. O punk é berrar, rir, facer pis... e tamén escribir as túas propias cancións, facer a túa banda, atopar a túa personalidade.

El punk es ir a contracorriente, no ser como la mayoría porque cada una de nosotros es diferente. El punk es gritar, reír, hacer pis... y también escribir tus propias canciones, montar tu banda, encontrar tu personalidad







# CHÉVERE

## GRUPOCHEVERE.EU



© Leticia T. Blanco

**[GL]** Compañía de axitación teatral con 39 anos de traballo.. En 2014 recibe o Premio Nacional de Teatro polo seu compromiso social e cultural e coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade. ▸ Entre 1992-2011 mantén a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa. ▸ Desde 2005 diversifica o seu teatro de operacións, participa en proxectos audiovisuais, executa proxectos de creación en internet, investiga na ficción sonora e converte o teatro nunha ferramenta de divulgación e sensibilización social. ▸ Entre 2012-2019 desenvolve un proxecto de residencia teatral en Teo, completando as súas obras cun programa de integración comunitaria. ▸ En 2015 impulsa a Berberecheira, iniciativa de custodia do territorio teatral e laboratorio de creación para sementar proxectos alleos. ▸ Desde 2023 integra nas súas obras medidas de accesibilidade: lingua de signos e a audiodescrición para chegar a un público diverso.

**[ES]** Compañía de agitación teatral con 39 años de trabajo. Premio Nacional de Teatro (2024) por su compromiso social y cultural e coherente trayectoria de creación colectiva, transgresión de géneros y conexión crítica con la realidad. ▸ Entre 1992 y 2011 mantiene la Nave de Servicios Artísticos-Sala Nasa. ▸ Desde 2005 participa en proyectos audiovisuales, ejecuta proyectos de creación en internet, investiga en la ficción sonora y convierte el teatro en una herramienta de divulgación y sensibilización social. ▸ Entre 2012 y 2019 desarrolla un proyecto de residencia teatral en Teo, completando sus obras con un programa de integración comunitaria. ▸ En 2015 impulsa la Berberecheira, iniciativa de custodia del territorio teatral y laboratorio de creación para sembrar proyectos ajenos. ▸ Desde 2023 integra en sus obras medidas de accesibilidad, como la lengua de signos y la audiodescripción, para llegar a un público diverso.


628 474 557 | 660 960 916

Patricia de Lorenzo / Xesús Ron

info@grupochevere.eu

Rúa da Queimada 49, baixo.
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Grupochevere

Chevereteatro

Grupo Chévere

**ICTUS (ANATOMÍA DE A DERRADEIRA LEICIÓN DE CASTELAO).** É unha obra sobre a memoria, sobre a relación que existe entre boa memoria e boa democracia e sobre os traumas sen resolver da nosa memoria histórica. Unha historia artellada a partir dun dispositivo documental no que se cruzan as voces de numerosas testemuñas, usando como fío condutor o cadro *A derradeira leición do mestre*, a derradeira pintura asinada por Castelao no exilio, cando xa está case cego. O resultado é unha viaxe escénica do presente ao pasado, que nos invita a entender como se constrúen -e como se disputan- as narrativas da memoria. Esta obra usa en escena tanto a lingua oral como a lingua de signos e conta con audiodescrición en directo integrada na narrativa.

Una obra sobre la memoria, sobre la relación que existe entre buena memoria y buena democracia y sobre los traumas sin resolver de nuestra memoria histórica. Una historia organizada a partir de un dispositivo documental en el que se cruzan las voces de numerosos testigos, usando como hilo conductor el cuadro *A derradeira leición do mestre*, la última pintura que Castelao firma en el exilio, cuando ya está casi ciego. El resultado es un viaje escénico desde el presente al pasado, que nos invita a entender cómo se construyen -y cómo se disputan- las narrativas de la memoria. Esta obra usa en escena la lengua oral y la lengua de signos y cuenta con audiodescripción en directo integrada en la narrativa.



© Sabela Eiriz

# CINEMA STICADO

CINEMASTICADO.COM



© Alberto Pequeño

**[GL]** Colectivo galego formado por Xosel Díez e Helena Varela. Dende o ano 2015 emprenden un camiño de investigación arredor das artes visuais e teatrais, desenvolvendo unha linguaxe propia onde conviven a tecnoloxía máis punteira cun acabado artesanal singular. ▸ Nos seus espectáculos, os obxectos, títeres e formas animadas cobran vida a través dun dispositivo escénico e humano que define a súa particular maneira de crear. ▸ O colectivo ten presentado os seus traballos en xiras nacionais e internacionais, sendo recoñecido e premiado en diversos festivais de Polonia, Bulgaria e Turquía, entre outros.

**[ES]** Colectivo gallego formado por Xosel Díez y Helena Varela. Desde el año 2015 emprenden un camino de investigación en torno a las artes visuales y teatrales, desarrollando un lenguaje propio donde conviven la tecnología más puntera con un acabado artesanal singular. ▸ En sus espectáculos, los objetos, títeres y formas animadas cobran vida a través de un dispositivo escénico y humano que define su particular manera de crear. ▸ El colectivo ha presentado sus trabajos en giras nacionales e internacionales, siendo reconocido y premiado en diversos festivales de Polonia, Bulgaria y Turquía, entre otros.


646 398 035

Helena Varela

helenavarelabarrio@gmail.com

Camiño da Garita 1, 3 C.
36940 Cangas (Pontevedra)

colectivocinemasticado

cinemasticado

Cinema sticado

Cinema sticado

EN CARTEL

**OH, MAMMI BLUE.** Comeza coas primeiras horas dun parto, as últimas dun embarazo e a sensación de que algo vai saír mal. A través dunha serie de incidentes e erros cos que a protagonista se compromete ata o final, asistiremos a un desenlace inesperado que cambiará a súa vida, e a dos que a rodean, para sempre.

Comienza con las primeras horas de un parto, las últimas de un embarazo y la sensación de que algo va a salir mal. A través de una serie de incidentes y errores con los que la protagonista se compromete hasta el final, asistiremos a un desenlace inesperado que cambiará su vida, y la de quienes la rodean, para siempre.



© Alberto Pequeño

# COLECTIVO GLOVO

## COLECTIVOGLOVO.COM

© Germán Antón



**[GL]** Compañía de danza galaico-portuguesa con sede en Galicia, codirixida por Hugo Pereira e Esther Latorre. ▸ A compañía percorreu países como España, Portugal, Italia, México, Costa Rica, Corea do Sur, Indonesia e Francia, entre outros. ▸ Recibiu diversas mencións e premios en festivais a nivel europeo. ▸ Hugo e Esther son bailaríns, directores e coreógrafos da compañía. Formaron parte de xiras internacionais con diferentes compañías e recibiron premios, mencións e bolsas ao longo das súas carreiras. ▸ Son os creadores e responsables do programa de residencias *Atopémonos Bailando* na cidade de Lugo (Galicia).

**[ES]** Compañía de danza galaico-portuguesa con sede en Galicia, codirigida por Hugo Pereira y Esther Latorre. ▸ La compañía ha recorrido países como España, Portugal, Italia, México, Costa Rica, Corea del Sur, Indonesia y Francia. ▸ Ha recibido diversas menciones y premios en festivales a nivel europeo. ▸ Hugo y Esther son bailarines, directores y coreógrafos de la compañía, con una amplia trayectoria individual. Han formado parte de giras internacionales con diferentes compañías y han recibido premios, menciones y becas.
▸ Son los creadores del programa de residencias *Atopémonos bailando* en la ciudad de Lugo (Galicia).


604 002 295
Hugo Pires
colectivoglovo@gmail.com
Ronda Fontiñas 129, 1.º B.
27002 Lugo
Colectivo Glovo
colectivoglovo
Colectivo Glovo


GLOVO
colectivo en danza
www.colectivoglovo.com

## COLECTIVO GLOVO

EN CARTEL

**ALLEO.** Parte da idea da atalaia e do condicionamento desa posición "privilexiada", entre o poder do coñecemento e a soidade de quen vixía o descoñecido. É unha peza moi dinámica, física e poética, na que habitamos ambos corpos: o que descobre e o que carga co peso do alleo.

*Alleo (Ajeno)* parte de la idea de la atalaya y del condicionamiento de esa posición "privilegiada", entre el poder del conocimiento y la soledad de quien vigila lo desconocido. Es una pieza muy dinámica, física y poética, donde habitamos ambos cuerpos: el que descubre y el que carga con el peso de lo ajeno.

**TRÏADE.** Parte da necesidade de xuntarse, vincularse e bailar dende o coidado e a escoita, creando un espazo feminino que xere unha xeoloxía propia inspirada na tríade lunar –vida, morte e renacemento–. É unha peza de formato curto para espazo non convencional, cun forte carácter ritual e de homenaxe ás ancestras e ás raíces.

Parte de la necesidad de juntarse, vincularse y bailar desde el cuidado y la escucha, creando un espacio femenino que genere una genealogía propia inspirada en la tríada lunar –vida, muerte y renacimiento–. Es una pieza de formato corto para espacio no convencional, con un carácter ritual y de homenaje a las ancestras y a las raíces.

**ALÉN.** É unha creación escénica de danza contemporánea interpretada por catro bailarinas que parte do desexo de habitar o límite. Explora o "máis alá" non como un destino, senón como un proceso: o momento no que algo remata, pero o novo aínda non tomou forma. Propón unha vivencia poética e sensorial dese espazo intermedio, dese territorio suspendido onde a identidade se disolve para volver xurdir transformada..

Es una creación escénica de danza contemporánea interpretada por cuatro bailarinas que parte del deseo de habitar el límite. Explora el "más allá" no como un destino, sino como un proceso: el momento en que algo termina, pero lo nuevo aún no ha tomado forma. Propone una vivencia poética y sensorial de ese espacio intermedio, de ese territorio suspendido donde la identidad se disuelve para volver a surgir transformada.



© Javier Sánchez



© Eva Mañéz



© Sabela Eiriz

# COMPAÑÍA HUMANA

COMPAÑIAHUMANA.COM

**[GL]** A Compañía Humana é unha produtora galega de teatro e proxectos de valor cultural creada en 2022 por Antela Cid e Fran Peleteiro. Dous creadores escénicos con máis de 20 anos de experiencia. As claves da compañía son os espectáculos de corte social dirixidos a público adulto e adolescente, con textos conectados coa nosa realidade e cos mellores talentos da interpretación. O seu nome alude á nosa condición neste mundo cada vez máis dixitalizado onde atoparse é unha necesidade. O teatro é a arte do humano. O encontro entre persoas que se acompañan nun espazo e tempo común para imaxinarse como sociedade. Humana é a nosa condición e Humana é a nosa Compañía.

**[ES]** es una productora gallega de teatro creada en 2022 por Antela Cid y Fran Peleteiro. Dos creadores escénicos con más de 20 años de experiencia. Las claves de la Compañía Humana son los espectáculos de carácter social dirigidos a un público adulto y adolescente, con textos conectados con nuestra realidad y con los mejores talentos de la interpretación, apostando decididamente por elencos y equipos artísticos compuestos casi íntegramente por mujeres. El nombre de la compañía alude a nuestra condición en este mundo cada vez más digitalizado, donde encontrarse es una necesidad. El teatro es el arte de lo humano. El encuentro entre personas que se acompañan en un espacio y tiempo común para imaginarse como sociedad. Humana es nuestra condición y Humana es nuestra Compañía.




679 796 069 | 610 975 158

Antela Reixa Cid

companiahumana@gmail.com

Praza Indedenpencia 4, 6.º A.
36211 Vigo

companiahumana

companiahumana

**IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER.**
Iphixenia, Unha personalidade magnética, directa, que nos amosa sen filtros e con humor a humanidade que se esconde tralas colas na atención primaria, recorte de camas hospitalarias, ausencia de médicos. Unha historia de sacrificio, dignidade e esperanza.

Se trata de un monólogo interpretado por una actriz joven que habla directamente al público. Una nini de barrio llamada Ifigenia que a través de su historia cotidiana nos hace ver las consecuencias de los recortes en la sanidad pública.



# CONSTANCE HURLÉ

## CONSTANCEHURLE.COM



**[GL]** Compañía de artes do movemento de carácter multidisciplinar. ▸ O seu eixo é o diálogo entre a palabra, o corpo e a música, e unha linguaxe escénica onde tanto a poesía como a música e a danza adquiriren cada vez máis importancia, converténdose na marca da compañía. ▸ As súas pezas camiñan no filo da performance procurando unha identidade xenuina, fuxindo das categorías tradicionais de teatro, danza ou poesía.▸ Desenvolve tres liñas de traballo: As performances ou pezas de pequeno formato; poesía en diálogo coa escena ou outras artes; e pezas de danzateatro contemporáneo para sala.

**[ES]** Compañía de artes del movimiento de carácter multidisciplinar. ▸ Su eje es el diálogo entre la palabra, el cuerpo y la música, y un lenguaje escénico donde tanto la poesía como la música tienen cada vez más importancia, convirtiéndose en la marca de la compañía. ▸ Sus piezas caminan en el filo de la performance procurando una identidad genuina, huyendo de las categorías tradicionales de teatro, danza o poesía. ▸ Desenvuelve tres líneas de trabajo: las performances o piezas de pequeño formato; la poesía en diálogo con la escena u otras artes; y piezas de danzateatro contemporáneo para sala.


620 564 187
Constance
distribucion.constancehurle@gmail.com
Constance Hurlé
Constance Hurlé
constancehurle




# CONSTANCE HURLÉ

EN CARTEL

**MIÑA PEQUENA.** Espectáculo de danzateatro que adapta o relato *Manaus*, gañador do 1.º Premio de relatos contra a violencia de xénero de Ribadavia 2020. Neste explóranse as conexións entre psique, corpo e violencia.

Espectáculo de danza-teatro que adapta el relato *Manaus*, ganador del 1.er Premio de relatos contra la Violencia de Género de Ribadavia en 2020. En él se exploran las conexiones entre psique, cuerpo y violencia.

**VÍSCERAS POÉTICAS.** Performance onde se cuestiona a auto percepción do individuo "muller" reconstruida dende e por causa do ollo externo. Unha loita do interno cara fóra, un diálogo de deconstrución, destrución, aceptación e rebeldía. Un intento de aceptar a pregunta sen resposta: Que é e como é "muller"?

Performance donde se cuestiona la auto percepción del individuo "mujer" reconstruida desde y por causa del ojo externo. Una lucha de lo interno hacia fuera, un diálogo de deconstrucción, destrucción, aceptación y rebeldía. Un intento de aceptar la pregunta sin respuesta: ¿Qué y cómo es "mujer"?

**O RITUAL.** Performance poética onde viaxaremos a través da poesía e o corpo para adentrarnos no universo da artista e acompañala na súa invocación ás tantas mulleres bruxas para, xuntas, coa forza das irmás e da sabedoría máis ancestral, facerlle fronte á sociedade patriarcal que nos tocou vivir.

Performance poética donde viajaremos a través de la poesía y el cuerpo para adentrarnos en el universo de la artista y acompañarla en su invocación a tantas mujeres brujas para, juntas, con la fuerza de las hermanas y de la sabiduría más ancestral, prestarle cara a la sociedad patriarcal que nos tocó vivir.








# CULTURACTIVA

## CULTURACTIVA.ORG



**[GL]** Xestión cultural, teatro e a dinamización social desde o ámbito creativo e formativo. As persoas no centro, entendemos a cultura como ferramenta de desenvolvemento humano, social e económico. Mostra diso son producións como *Nada Se Sabe, As Alumnas* (Premio Nacional de Literatura Dramática 2023) ou *Vía Morta*. ▸ Na liña familiar centrámonos no humor, a divulgación, a lingua e os dereitos con producións como *Castelao, Máis Saaabor* ou *Rosalía*. Especializados na distribución e produción escénica, na formación e na xestión integral de proxectos comprometidos e transformadores. ▸ O noso compromiso social calla tamén en Pallas@s en Rebeldía, unha rede internacional que promove a solidariedade e a risa como motores de cambio social, apoiando a loita pola supervivencia dos pobos en conflito para defender os dereitos humanos, espertar a esperanza a través das artes e desenvolver a fraternidade entre os pobos.

**[ES]** Gestión cultural, teatro y dinamización social desde la creación y la formación. Las personas en el centro, entendemos la cultura como herramienta de desarrollo humano, social y económico. Como muestra *Nada Se Sabe, As Alumnas* (Premio Nacional de Literatura Dramática 2023) o *Vía Morta*. ▸ En la línea familiar nos centramos en el humor, la divulgación, la lengua y los derechos en *Castelao, Máis Saaabor* o *Rosalía*. Especializados en la distribución y producción escénica, en la formación y en la gestión integral de proyectos comprometidos y transformadores. ▸ Compromiso social también con Pallas@s en Rebeldía, una red internacional que promueve la solidaridad y la risa como motores de cambio social, apoyando la lucha por la supervivencia de los pueblos en conflicto para defender los derechos humanos, despertar la esperanza a través de las artes y desarrollar la fraternidad entre los pueblos.


981 582 836
José Ignacio Fungueiriño
info@culturactiva.org
Rúa Triacastela, 3 Baixo.
15703 Santiago de Compostela
culturactiva
culturactiva.SCG
culturactiva_coop/
Culturactiva

## EN CARTEL

**NADA SE SABE.** Un espectáculo que, partindo da adaptación de *Filoctetes* de Manuel Lourenzo, cuestiona as certezas impostas e a exclusión social. As vivencias de intérpretes con discapacidade mestúranse co teatro clásico para crear unha proposta única, crítica e chea de humor.

Un espectáculo que, partiendo de la adaptación de *Filoctetes* de Manuel Lourenzo, cuestiona las certezas impuestas y la exclusión social. Las vivencias de intérpretes con discapacidad se mezclan con el teatro clásico para crear una propuesta única, crítica y llena de humor.

**VÍA MORTA.** *Vía Morta* converte o público en refuxiados simbólicos para amosar de preto a traxedia que provocan as políticas migratorias da UE. A montaxe denuncia a hipocrisía europea e visibiliza a realidade das persoas que fuxen da guerra e da persecución.

*Vía Morta* convierte al público en refugiados simbólicos para mostrar de cerca la tragedia que provocan las políticas migratorias de la UE. El montaje denuncia la hipocresía europea y visibiliza la realidad de las personas que huyen de la guerra y de la persecución.

**AS ALUMNAS.** Aborda a figura de María Barbeito e o retroceso educativo imposto polo franquismo a través de dúas mulleres que viven realidades opostas antes e despois da Guerra Civil. A obra propón recuperar memoria e identidade colectiva reconstruíndo os espazos e experiencias da comunidade.

Aborda la figura de María Barbeito y el retroceso educativo impuesto por el franquismo a través de dos mujeres que viven realidades opuestas antes y después de la Guerra Civil. La obra propone recuperar memoria e identidad colectiva reconstruyendo los espacios y experiencias de la comunidad.

**CASTELAO.** Un Castelao neno, alegre e aventureiro, que interactúa co público nunha trepidante persecución polas rúas de Rianxo antes da súa viaxe a Arxentina. Entre misterio e humor, o protagonista debe tirar de enxeño para resolver os desafíos que lle xorde a vila mariñeira.

Un Castelao niño, alegre y aventurero, que interactúa con el público en una trepidante persecución por las calles de Rianxo antes de su viaje a Argentina. Entre misterio y humor, el protagonista debe tirar de ingenio para resolver los desafíos que surgen en la villa marinera.

**MÁIS SAAABOR!** Un espectáculo familiar que combina humor, maxia, música e participación para achegar ao público ao mundo da gastronomía e da alimentación saudable. Félix Rodríguez e Fran Rei, dirixidos por Avelino González, convértense en dous chefs cómicos que serven un menú cheo de ritmo e sorpresas que garante diversión e bo sabor de boca.

Un espectáculo familiar que combina humor, magia, música y participación para acercar al público al mundo de la gastronomía y de la alimentación saludables. Féliz Rodríguez y Fran Rei, dirigidos por Avelino González, se convierten en dos chefs cómicos que sirven un menú lleno de ritmos y sorpresas que garantizan la diversión y el buen sabor de boca.

**ROSALÍA.** María Rosalía Rita é unha nena curiosa e rebelde que descubre no faiado o mundo íntimo onde medra a futura poeta antes de partir para Santiago. Pensada para público infantil, a peza amosa como a infancia, o xogo e a imaxinación sementan a voz literaria de quen será Rosalía de Castro.

María Rosalía Rita es una niña curiosa y rebelde que descubre en el desván el mundo íntimo donde crece la futura poeta antes de partir hacia Santiago. Pensada para público infantil, la pieza muestra cómo la infancia, el juego y la imaginación siembran la voz literaria de quien será Rosalía de Castro.









# DE STE XEITO PRODUCIÓNS

## DESTEXEITO.COM

**[GL]** A nosa produtora naceu coa vocación de interpretar historias aliñadas coas nosas inquietudes xenuínas a través dunha dramaturxia propia. Desexamos tocar intimamente ao espectador con cada proposta xerando ao mesmo tempo pensamento crítico e emoción. ▸ Reivindicamos o acto creativo e teatral como un valioso instrumento terapéutico, autoanalítico e interpersoal, nun mundo cada vez máis deshumanizado. Perseguimos alcanzar a excelencia creativa na transmisión da nosa mensaxe explorando novos escenarios. ▸ Concibimos a experiencia teatral como unha necesaria mirasa cara á nosa parte máis humana: as relacións cos demais e cun mesmo ou cunha mesma. Un observatorio humano que dialoga co mundo actual a través dunha dramaturxia contemporánea e viva.

**[ES]** Nuestra productora nació con la vocación de interpretar historias alineadas con nuestras inquietudes genuinas a través de una dramaturgia propia. Deseamos tocar íntimamente al espectador con cada propuesta generando al mismo tiempo pensamiento crítico y emoción. ▸ Reivindicamos el acto creativo y teatral como un valioso instrumento terapéutico, autoanalítico e interpersonal, en un mundo cada vez más deshumanizado. Perseguimos alcanzar la excelencia creativa en la transmisión de nuestra mensaje explorando nuevos escenarios. ▸ Concebimos la experiencia teatral como una necesaria mirada hacia nuestra parte más humana: las relaciones con los demás y con uno mismo o con una misma. Un observatorio humano que dialoga con el mundo actual a través de una dramaturgia contemporánea y viva.




660 147 486
Stephy Llaryora
destexeitoproducciones@gmail.com
Rúa Manuel Nuñez 31, 3 B. 36203 Vigo
destexeito
destexeito
DeSteXeitoProducción

# DE STE XEITO PRODUCIÓNS

EN CARTEL

**SEÑORES (UNHA COMEDIA MACHIRULA DE STE XEITO).** É unha comedia que fala de irmás, de nais e fillas e de noites máxicas. É tamén unha comedia feminista onde as mulleres fan de homes que din o que deben facer as mulleres.

Es una comedia que habla de hermanas, de madres e hijas y noches mágicas. Es también una comedia feminista donde las mujeres hacen de hombres que dicen lo que deben hacer las mujeres.

**FEMINÍSSIMAS.** O Feminismo é para nós unha das pedras angulares da creación actual, que se suma á nosa inquietude por levar a escena os afectos humanos. Así concibimos esta proposta: *Feminíssimas*, que aúna o eixo emocional e relacional da amizade, coa loita ideolóxica entre tres lecturas do feminismo encarnadas polas tres personaxes (feminismo radical, feminismo liberal e postfeminismo). En resumo: unha comedia negra... moi violeta.

El Feminismo es para nosotr@s una de las piedras angulares de la creación actual, que se suma a nuestra inquietud por llevar a escena los afectos humanos. *Feminíssimas,* aúna el eje emocional y relacional de la amistad con la lucha ideológica entre tres lecturas del feminismo encarnadas por los tres personajes de la obra (feminismo radical, feminismo liberal y postfeminismo). En resumen: una comedia negra... muy violeta.

**NEURA, UNHA COMEDIA NEURÓTICO-FESTIVO.** É unha comedia que aborda o tema da saúde mental, iso si, con minúsculas. Os nosos protagonistas conviven con teimas propias e alleas. Tentan agochar algunhas, exhiben outras orgullosos, en ocasións búscanlles tratamento, pero sempre sofren por elas. *Neura* non é unha comedia romántica: Edu e Sonia non son amigos, non son amantes. Son esa categoría difusa á que chamamos *ex*. Xente da que sabemos ata o seu grupo sanguíneo, pero coa que actuamos como perfectos descoñecidos.

Es una comedia que aborda el tema de la salud mental. Eso sí, con minúsculas. Nuestros protagonistas conviven con manías propias y ajenas. Algunas de ellas intentan esconderlas mientras exhiben otras orgullosos. A veces las toleran, en ocasiones les buscan tratamiento, pero siempre sufren por ellas. *Neura* no es una comedia romántica: Edu y Sonia no son amigos, no son amantes. Son esa categoría difusa a la que llamamos *ex*. Gente de la que sabemos hasta su grupo sanguíneo, pero con la que nos comportamos como si fueran perfectos desconocidos.

**RUNNING.** Xulia e Román acaban de coñecerse e o primeiro WhatsApp non tarda en chegar: Quedamos? Veña, sí! Pero cándo? Romeo e Xulieta tiñan as familias na contra dun amor prohibido. Xulia e Román aínda non saben se tanto se queren, pois as súas familias, as súas vidas, e os seus propios medos impiden brindar con esa primeira cervexa que podería facer nacer ou morrer o amor eterno.

Xulia y Román acaban de conocerse y el primero WhatsApp no tarda en llegar: ¿Quedamos? Venga, ¡sí! ¿Pero cándo? Romeo y Xulieta tenían las familias en la contra de un amor prohibido. Xulia y Román aun no saben si tanto se quieren, pues sus familias, sus vidas, y sus propios miedos impiden brindar con esa primera cerveza que podría hacer nacer o morir el amor eterno.









# EDUCATEATRO PRODUCIÓNS

EDUCATEATRO.COM

**[GL]** Empresa cultural dedicada á produción, distribución e promoción de espectáculos infantís e familiares. ▸ A música, a palabra e a diversión son os piares fundamentais dos nosos traballos, cos que pretendemos fomentar a educación en valores e contribuír a unha aprendizaxe significativa. ▸ Ao longo dos máis de dez anos de traxectoria, creamos os musicais *Os tres Porquiños,* unha obra musical con bonecos a tamaño real, *Carapuchiña Vermella,* o musical e *O mundo máxico de Pinocho,* cos que percorremos Galicia e boa parte da xeografía española. ▸ Ademais das producións teatrais, nos últimos anos encargámonos da dirección artística e produción do Circo de Nadal de Vigo durante tres edicións e das montaxes do Circo Tamberlick. En outubro de 2024 estreou o seu primeiro espectáculo de circo en carpa: *Circo de Pinocho.*

**[GL]** EducaTeatro Producións® es una empresa cultural dedicada a la producción, distribución y promoción de espectáculos infantiles y familiares. ▸ La música, la palabra y la diversión son los pilares fundamentales de nuestros trabajos, con los que pretendemos fomentar la educación en valores y contribuir a un aprendizaje significativo. ▸ En los más de diez años de trayectoria, creamos los musicales *Los tres Cerditos,* una obra musical con muñecos a tamaño real, *Caperucita Roja,* una aventura musical y *El mundo mágico de Pinocho,* con los que recorrimos Galicia y buena parte de la geografía española. ▸ Además de las producciones teatrales, en los últimos años nos hemos encargado de la dirección artística y producción del Circo de Nadal de Vigo durante tres ediciones y los montajes del Circo Tamberlick. En octubre de 2024 estrenó su primer espectáculo de circo en carpa: *Circo de Pinocho.*




679 559 401

Xandre Vázquez

info@educateatro.com

Estrada Catapeixe 57.
36693 Redondela (Pontevedra)

educateatro

educateatro

educateatroproducions


Educateatro Producións

# EDUCATEATRO PRODUCIÓNS

EN CARTEL

**OS TRES PORQUIÑOS.** Unha obra musical con bonecos a tamaño real. Unha reinterpretación da fábula clásica que incorpora aos exploradores Xan e Xiana. A través de cancións cantadas en directo, os porquiños bailan e ensinan aos nenos e nenas conceptos como os números, as cores e as pezas de vestir.

Una obra musical con muñecos a tamaño real. Una reinterpretación de la fábula clásica, incorporando a los exploradores Xan y Xiana. A través de canciones cantadas en directo, los cerditos bailarán y enseñarán a los niños y niñas conceptos como números, colores y prendas de vestir.

**CARAPUCHIÑA VERMELLA, O MUSICAL.** Carapuchiña vive unha aventura polo bosque camiño da casa da súa avoa, onde aprende a respectar a natureza mentres canta e baila. Coa axuda de Plácido e Roi, a historia lembra a importancia de escoitar os consellos... especialmente se aparece un lobo famento.

Caperucita vive una aventura en el bosque rumbo a casa de su abuela, donde aprende a respetar la naturaleza mientras canta y baila. Con la ayuda de Plácido y Roi, la historia recuerda la importancia de escuchar consejos... especialmente si aparece un lobo hambriento.

**O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO.** Unha adaptación musical do clásico de Collodi, narrada por Pepiño Grilo, que acompaña a Pinocho na súa viaxe para converterse nun neno de verdade. A través de aventuras cheas de fantasía, a historia ensina que dicir mentiras pode ter malas consecuencias.

Una adaptación musical del clásico de Collodi, narrada por Pepito Grillo, que acompaña a Pinocho en su viaje para convertirse en un niño de verdad. A través de aventuras llenas de fantasía, la historia enseña que mentir puede tener malas consecuencias.

**CIRCO DE PINOCHO.** Pinocho cumpre o soño de crear o seu propio circo, pero un feitizo convérteo de novo nun boneco de madeira e a Fada Mimadriña desaparece. Xunto con Pepiño Grilo, deberá rescatalo da malvada Chinche Chinchón para volver ser un neno de verdade.

Pinocho cumple su sueño de crear su propio circo, pero un hechizo lo transforma de nuevo en muñeco de madera y el Hada Mimadrina desaparece. Junto a Pepito Grillo, deberá rescatarla de la malvada Chinche Chinchón para volver a ser un niño de verdad.





# ELEFANTE ELEGANTE

## ELEFANTEELEGANTE.NET

© Vanessa Rábade



**[GL]** Crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento para público familiar e adulto. ▸ A compañía galego-portuguesa busca a universalidade e a fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais. Creada por María Torres e Gonçalo Guerreiro en 2000, residiu en Bélxica ata que se instalou en Galicia en 2007. ▸ O seu obxectivo é desenvolver unha linguaxe teatral propia para tratar as cuestións sociais, existenciais e ambientais que condicionan a vivencia humana. ▸ As súas creacións foron representadas nunha vintena de festivais internacionais.

**[ES]** Crea espectáculos de teatro visual basados en el gesto y el movimiento para público familiar y adulto. ▸ La compañía galaico-portuguesa busca la universalidad y la fusión de diferentes lenguajes: el teatro físico, la danza, las artes plásticas y las artes visuales. Creada por María Torres y Gonçalo Guerreiro en el año 2000, residió en Bélgica hasta que se instaló en Galicia en 2007. ▸ Su objetivo es desarrollar un lenguaje teatral propio para tratar las cuestiones sociales, existenciales y ambientales que condicionan la vivencia humana. ▸ Sus creaciones han sido representadas en una veintena de festivales internacionales.


606 257 239 (María Torres)
María Torres
teatro@elefanteelegante.net
Castelo de Abaixo, 19.
15139 Culleredo (A Coruña)
elefanteelegante.net
elefante.elegante.teatro
Elefante elegante


ELEFANTE
ELEGANTE

**ALTA COSTURA.** Un espectáculo cómico, irónico e poético sobre a moda e a súa estreita relación co consumo, o recoñecemento social, a contaminación, a saúde e as condicións laborais. *Alta costura* dá especial relevancia aos mecanismos de venda, ao espazo sensorial da tenda e á relación contemporánea que o gran público mantén co acto de mercar e tirar roupa.

Un espectáculo cómico, irónico y poético sobre la moda y su estrecha relación con el consumo, el reconocimiento social, la contaminación, la salud y las condiciones laborales. El espectáculo da especial relevancia a los mecanismos de venta, al espacio sensorial de la tienda y a la relación contemporánea que el gran público mantiene con el acto de comprar y tirar ropa.

**CORALINDA.** É unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados destinado ao público infantil e familiar a partir dos 3 anos. O espectáculo propón unha ollada cómplice, reflexiva e sensible en relación ás experiencias que viven as persoas que por cuestións de etnia, xénero ou clase social sofren comportamentos discriminatorios.

Es una comedia gestual interpretada al estilo de los dibujos animados destinado al público infantil y familiar a partir de los 3 anos. El espectáculo propone una mirada cómplice, reflexiva y sensible en relación a las experiencias que viven las personas que por cuestiones de etnia, género o clase social sufren comportamentos discriminatorios.

**KYOKI.** É un espectáculo visual destinado ao público infantil e familiar que aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade. *Kyoki* significa "demencia" en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... Quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés?

Es un espectáculo visual destinado al público infantil y familiar que aborda la temática del olvido, la vejez y la soledad. *Kyoki* significa «demencia» en japonés y se refiere a una alteración de la capacidad para recordar, pensar o tomar decisiones. Es cierto que suele aparecer en personas de edad avanzada, pero... ¿Quién nunca olvidó dónde colocó la caja de las galletas? ¿O por distracción se puso el jersey del revés?



© Daniel Nunes



© Vanessa Rábade

# EMPATÍA TEATRO

EMPATIATEATRO.COM



**[GL]** Empatía Teatro é unha compañía de recente creación que nace con toda a ilusión de 30 anos de experiencia no teatro amador. ▸ O noso obxectivo é achegar o noso punto de vista sobre temas actuais, tentando transformar, impactar, conmover, ao fin e ao cabo emocionar a través das nosas propostas. Cambiar o mundo (algo) a través do Teatro.

**[ES]** Empatía Teatro es una compañía de reciente creación que nace con toda la ilusión de 30 años de experiencia en el teatro aficionado. ▸ Nuestro objetivo es aportar nuestro punto de vista sobre temas actuales, intentando transformar, impactar, conmover, al fin y y al cabo emocionar a través de nuestras propuestas. Cambiar el mundo (algo) a través del Teatro.


981 138 225

Elisardo de la Cruz

Info@empatiateatro.com

Avenida de Barraña 144.
15930 Boiro (A Coruña)

empatiateatro

empatiateatro


E.T.
Empatía Teatro

EN CARTEL

**ESAS COUSAS MARABILLOSAS.** É unha peza tenra, emocionante e divertida que se constrúe coa colaboración do público. É unha comedia sobre a depresión e o suicidio. É unha obra que pode cambiarche a vida… e para ben.

É unha peza tenra, emocionante e divertida que se constrúe coa colaboración do público. É unha comedia sobre a depresión e o suicidio. É unha obra que pode cambiarche a vida… e para ben.

**CURIE OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS.** Biopic poético que percorre a complexa viaxe vital de Marie Curie, desde a súa dura infancia nunha Polonia ocupada ata converterse nunha icona científica universal, destacando valores como o feminismo, pacifismo e o naturalismo. Estrea 6 nov do 2026.

Biopic poético que recorre el complejo viaje vital de Marie Curie, desde su dura infancia en una Polonia ocupada hasta convertirse en un icono científico universal, destacando valores como el feminismo, el pacifismo y el naturalismo. Estreno el 6 de noviembre de 2026.





# FRAN SIEIRA, COMPAÑÍA DE DANZA

## FRANSIEIRA.COM



© Carlota Mosquera

**[GL]** Creada no 2017, fundamenta o seu traballo nunha revisión do folclore galego dende un marco contemporáneo. ▸ A compañía estuda o movemento a través do baile tradicional galego e utilízao como o seu principal mecanismo de expresión, creando unha linguaxe do movemento de vangarda como reflexo da nosa tradición. ▸ A través da creación colectiva achega proxectos artísticos con vocación social e con moi boa acollida entre o público. ▸ Dende as marxes, a compañía crea espectáculos que teñen a vontade de xerar conciencia social e devolverlle á sociedade aquilo co que a inspirou.

**[ES]** Creada en el 2017, fundamenta su trabajo en una revisión del folclore gallego desde un marco contemporáneo. ▸ La compañía estudia el movimiento a través del baile tradicional y lo utiliza como su principal mecanismo de expresión, creando un lenguaje del movimiento de vanguardia como reflejo de nuestra tradición. ▸ A través de la creación colectiva, aborda proyectos artísticos con vocación social y con muy buena acogida entre el público. ▸ Desde los márgenes, la compañía crea espectáculos que tienen la voluntad de generar conciencia social y devolverle a la sociedad aquello con lo que la inspiró.


605 089 341

Fran Sieira

fran@fransieira.com

Lugar Espiñeirido 5.
15969 Ribeira (A Coruña)

fransieiradanza

fransieiradanza


Fran Sieira
compañía de danza

# FRAN SIEIRA, COMPAÑÍA DE DANZA

EN CARTEL

**DEMENTE.** Espectáculo de danza de 60 minutos de duración para un elenco de 8 intérpretes que aborda a saúde mental e a evolución do seu trato ata os nosos días.

Espectáculo de danza de 60 minutos de duración para un elenco de 8 intérpretes que aborda la salud mental y la evolución de su trato hasta nuestros días.

**COREOGRAFÍAS DUN DEMENTE.** Extracto de 28 minutos de duración de *DeMente*, con 6 intérpretes, para espazos non convencionais, onde plasman a esencia das coreografías grupais máis representativas da obra.

Extracto de 28 minutos de duración de *DeMente*, con 6 intérpretes, para espacios no convencionales, donde plasman la esencia de las coreografías grupales más representativas de la obra.

**CEIBE.** Espectáculo de danza de 55 minutos para un elenco de 8 intérpretes onde afondan sobre o xénero e como este nos atravesa a todas como sociedade.

Espectáculo de danza de 55 minutos para un elenco de 8 intérpretes donde profundizan sobre el género y como este nos atraviesa a todas como sociedad.

**UN BAILE CEIBE.** Peza coreográfica para espazos non convencionais de 25 minutos de duración para 4 intérpretes, versión reducida e de rúa do espectáculo Ceibe.

Pieza coreográfica para espacios no convencionales de 25 minutos de duración para 4 intérpretes, versión reducida y de calle de *Ceibe*.

**BENQUERER.** Un só de danza de 55 minutos de duración, donde o propio Fran Sieira acompañado pola música en directo do dúo galego Caamaño&Ameixeiras, convídanos a reflexionar sobre a importancia do autocoidado emocional, o amor propio e o respecto a un mesmo.

Un solo de danza de 55 minutos de duración, donde el propio Fran Sieira, acompañado de la música en directo del grupo gallego Caamaño&Ameixeiras, nos invita a reflexionar sobre la importancia del autocuidado emocional, el amor propio y el respeto a uno mismo.



© Aigi Boga



© Bea Besada



© Sonia Garcia Xouba cromática



© Aigi Boga

# FURIA SOTELO

FURIASOTELO.COM



**[GL]** Furia Sotelo é a transformación de Licenciada Sotelo que aparece en 2010. Co corpo e o movemento como centro, camiña en busca dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinar, colaborando con artistas de diferentes disciplinas: danza, teatro, videocreación, música e filosofía. ▸ Produce diversas pezas de sala, rúa e *site specific* que xiran en Redes de Teatros Autonómicas e festivais nacionais e internacionais.

**[ES]** Furia Sotelo es la transformación de Licenciada Sotelo que aparece en 2010. Con el cuerpo y el movimiento como centro, camina en busca de un lenguaje escénico ecléctica y multidisciplinar, colaborando con artistas de diferentes disciplinas: danza, teatro, videocreación, música y filosofía. ▸ Produce diversas piezas de sala, calle y *site specific* que giran en Redes de Teatros Autonómicas y festivales nacionales e internacionales.


657 278 320
Nuria Sotelo
furiasotelocia@gmail.com
Amiadoso 65. 32665 Allariz (Ourense)
furiasotelo_/
FuriaSotelo


FURIA SOTELO

## FURIA SOTELO

EN CARTEL

**SOBRE EL EXTRAVÍO O EL ARTE DE PERDERSE.** Só de danza-teatro interpretado por Nuria Sotelo e dirixido pola directora Ana Vallés (Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes 2024)

Solo de danza-teatro interpretado por Nuria Sotelo y dirigido por la directora Ana Vallés (Medalla de Oro al Mérito en las Bellas Artes 2024).

**CAMIÑOS QUE PARTEN.** Espectáculo de música en directo e danza para todos os públicos, onde a cantante Mounqup e Nuria Sotelo comparten escena coas súas fillas.

Espectáculo de música en directo y danza para todos los públicos, donde la cantante Mounqup y Nuria Sotelo comparten escena con sus hijas.

**SUIT(E).** Dúo de danza (Nuria Sotelo) e cello (Millán Abeledo) onde se explora o diálogo do corpo e o cello a través dun repertorio clásico e contemporáneo para cello.

Dúo de danza (Nuria Sotelo) y cello (Millán Abeledo) donde se explora el diálogo del cuerpo y el cello a través de un repertorio clásico y contemporáneo para cello.

**FÓRA DE SI.** Espectáculo de danza e música dirixido por Luz Arcas (Premio Nacional de danza 2024) e interpretado pola propia Luz, Nuria Sotelo e o emblemático Quique Peón.

Espectáculo de danza y música dirigido por Luz Arcas (Premio Nacional de danza 2024) e interpretado por la propia Luz, Nuria Sotelo y el emblemático Quique Peón.







© Rubén Vilanova

# GALEATRO

## GALEATRO.ES

**[GL]** Fundada en 2015 en Carballo por Alba Bermúdez e Tone Martínez, Galeatro é referente na creación escénica en galego. Especializada en público infantil con obras como *Muiñada*, en 2022 sumou o público adulto coa coprodución do CDG *Arte sen Guión*. ▸ A súa calidade foi recoñecida con premios como o Manuel María por *Berenguela na Gaiola*, peza que en 2026 logrou dous María Casares: Mellor Espectáculo Infantil e Mellor Adaptación. A compañía aposta pola dramaturxia viva e colabora con autores como Paula Carballeira ou Miguel Canalejo. ▸ Ademais, Galeatro desenvolve un intenso labor formativo en oito concellos galegos. Con máis de 200 alumnos, a súa rede de escolas impulsa a formación artística e garante con éxito a inclusión do alumnado no sistema teatral galego.

**[GL].** Fundada en 2015 en Carballo por Alba Bermúdez y Tone Martínez, Galeatro es un referente en la creación escénica en gallego. Especializada en público infantil con obras como *Muiñada*, en 2022 sumó al público adulto con la coproducción del CDG *Arte sen Guión*. ▸ Su calidad ha sido reconocida con premios como el Manuel María por *Berenguela na Gaiola*, pieza que en 2026 logró dos María Casares: Mejor Espectáculo Infantil y Mejor Adaptación. La compañía apuesta por la dramaturgia viva y colabora con autores como Paula Carballeira o Miguel Canalejo.▸ Además, Galeatro desarrolla una intensa labor formativa en ocho municipios gallegos. Con más de 200 alumnos, su red de escuelas impulsa la formación artística y garantiza con éxito la inclusión del alumnado en el sistema teatral gallego.



© Amora fotografía

- 669 584 811
- Tone Martínez
- galeatro@gmail.com
- Rúa Oliveiras 14. 15100 Carballo (A Coruña)
- galeatro
- galeatro_cia/
- Galeatro

EN CARTEL

**MUIÑADA.** Conta o enredo de Sabela e Xacobe nun muíño de auga. Unha viaxe ao pasado chea de xogo, música e tradición que achega a memoria dos avós a toda a familia, unindo aos nenos de hoxe coas nosas raíces galegas.

Cuenta el enredo de Sabela y Xacobe en un molino de agua. Un viaje al pasado lleno de juego, música y tradición que acerca la memoria de los abuelos a toda la familia, uniendo a los niños de hoy con nuestras raíces gallegas.

**WOMBO COMBO.** Sara foxe do acoso escolar refuxiándose no videoxogo "Revamp". Nel, unha misteriosa voz dálle retos reais que debe cumprir obrigatoriamente, demostrándolle que non é posible separar a súa vida virtual da real.

Sara huye del acoso escolar refugiándose en el videojuego "Revamp". En él, una misteriosa voz le plantea retos reales que debe cumplir obligatoriamente, demostrándole que no es posible separar su vida virtual de la real.

**BERENGUELA NA GAIOLA.** Berenguela e Aurora, dúas anciás nunha residencia, convencen a Tomás para rebelarse a través do teatro. Actuando recuperan a liberdade e xogan coma nenos, transformando o seu mundo nesa vella ilusión da nenez.

Berenguela y Aurora, dos ancianas en una residencia, convencen a Tomás para rebelarse a través del teatro. Actuando recuperan la libertad y juegan como niños, transformando su mundo en esa vieja ilusión de la niñez.

**ARTE SEN GUIÓN.** Unha viaxe ao teatro medieval en galego con catro comediantes que improvisan co público un códice incompleto. Unha divertida comedia que demostra que nin antes eran tan antigos, nin hoxe somos tan modernos.

Un viaje al teatro medieval en gallego con cuatro comediantes que improvisan con el público un códice incompleto. Una divertida comedia que demuestra que ni antes eran tan antiguos, ni hoy somos tan modernos.







# IBUPROFENO TEATRO

## IBUPROFENOTEATRO.COM

**[GL]** Fundada en 2010 por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, para poder contar cunha estrutura de creación e emprender proxectos teatrais dun xeito independente. ▸ Xeramos espectáculos a partir de textos escritos *(Raclette, Casa O'Rei, Smoke on the water, Reconversión)* ou integrando dramaturxia e posta en escena nos procesos de creación *(A filla de Woody Allen, O Furancho, O mel non caduca, Deadpan Karaoke)*. ▸ Coidamos dimensión plástica dos traballos, experimentando nas propostas, para falar de temas que afectan ao ser humano, con personaxes que buscan a súa identidade nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico. ▸ Participamos en numerosas prazas e festivais co recoñecemento de premios coma o María Casares en diversas categorías ou sendo finalistas nos Max a Mellor Dirección e Autoría.

**[ES]** Fundada en 2010 por Marián Bañobre y Santiago Cortegoso, para poder contar con una estructura de creación y emprender proyectos teatrales de una manera independiente. ▸ Generamos espectáculos a partir de textos escritos *(Raclette, Casa O'Rei, Smoke on the water, Reconversión)* o integrando dramaturgia y puesta en escena en los procesos de creación *(A filla de Woody Allen, O Furancho, O mel non caduca, Deadpan Karaoke)*. ▸ Cuidamos la dimensión plástica de los trabajos, experimentando en las propuestas, para hablar de temas que afectan al ser humano, con personajes que buscan su identidad en un contexto social globalizado y complejo que no consiguen controlar y que los lleva a situaciones absurdas y cargadas de un humor ácido y sarcástico. ▸ Participamos en numerosas plazas y festivales con el reconocimiento de premios como el María Casares en diversas categorías o siendo finalistas en los Max a Mejor Dirección y Autoría.

© Diego Seixo




609 761 840 | 696 730 037

Marián Bañobre | Santiago Cortegoso

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

As Cernadas Setecoros 4 B. 36645 Valga (Pontevedra)

IbuprofenoTeatro

ibuprofenoteatro

ibuprofenoteatro

Ibuprofeno Teatroo

# IBUPROFENO TEATRO

EN CARTEL

**BIO CONSTRUCIÓN.** Reflexión poética para un actor, unha actriz e unha violonchelista sobre o fracaso, a inxustiza do sistema inmobiliario, o amor, a crise climática e ecolóxica, o teatro e a estupidez humana.

Reflexión poética para un actor, una actriz y una violonchelista sobre el fracaso, la injusticia del sistema inmobiliario, el amor, la crisis climática y ecológica, el teatro y la estupidez humana.

**RECONVERSIÓN.** Espectáculo de gran formato con 8 actores/músicos en directo. Un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión naval na ría de Vigo.

Espectáculo de gran formato con 8 actores/músicos en directo. Un ejercicio de memoria histórica en torno a la reconversión naval en la ría de Vigo.

**DEADPAN KARAOKE.** Proposta participativa para explorar o concepto de amor nesta sociedade tardocapitalista a través do absurdo, a estupidez, a sorpresa, a música e o cine.

Propuesta participativa para explorar el concepto de amor en este sociedad tardocapitalista a través del absurdo, la estupidez, la sorpresa, la música y el cine.



© Diego Seixo



© Diego Seixo



© Diego Seixo

# ÍTACA TEATRO

## ITACATEATRO.COM

**[GL]** Creada en Lugo en 2018, leva estreados 6 espectáculos nos que conviven sempre realidade e ficción, harmonizando o tanxible co utópico. ▸ Debutaron con *Cinco minutos sen respirar* de Gustavo Ott, dirixida por Carlos Neira. ▸ *Anacos* e *Instrucións para tomar café* son espectáculos de narración oral, contados por Carlos Rebolo. ▸ *Formigas no peto* mestura a narración oral co teatro de imaxes e co teatro actoral grazas á dramaturxia de Ana Carreira e José Campanari. ▸ En *Alma de grilo* aparece a música en directo de Vadim Yukhnevich nun espectáculo concibido para ser presentado en espazos non convencionais e singulares. ▸ O seu último traballo, ata de agora, é a coprodución co CDG titulada *Profetas,* texto de Ernesto Is, gañador do 16.º Premio Abrente de textos teatrais da MIT de Ribadavia en 2021 e que está dirixido por Carlos Alvarez-Ossorio.

**[ES]** Creada en Lugo en 2018, lleva estrenados 6 espectáculos en los que conviven siempre realidad y ficción, armonizando lo tangible con lo utópico. ▸ Debutaron con *Cinco minutos sen respirar* de Gustavo Ott, dirigida por Carlos Neira. ▸ *Anacos* e *Instrucións para tomar café* son espectáculos de narración oral, contados por Carlos Rebolo. *Formigas no peto* mezcla la narración oral con el teatro de imágenes y con el teatro actoral gracias a la dramaturgia de Ana Carreira y José Campanari. ▸ En *Alma de grilo* aparece la música en directo de Vadim Yukhnevich en un espectáculo concebido para ser presentado en espacios no convencionales y singulares. ▸ Su último trabajo, hasta ahora, es la coproducción con el CDG titulada *Profetas,* texto de Ernesto Is, ganador del 16.º Premio Abrente de textos teatrales de la MIT de Ribadavia en 2021 y que está dirigido por Carlos Alvarez-Ossorio.




604 046 270
Carlos Iglesias
delirioaduoteatro@gmail.com | distribucion@itacateatro.com
Rúa Doutor Gasalla 18 Baixo. 27007 Lugo
itacateatroproducions
itaca_teatro

# ÍTACA TEATRO

EN CARTEL

**ALMA DE GRILO.** Co canto dos grilos como fío condutor, e acompañada da música orixinal de Vadim Yukhnevich, María García vai debullando historias onde a fraxilidade se torna afouteza, onde a cobiza crea incomunicación ou onde a imaxinación protexe da soidade.

Con el canto de los grillos como hilo conductor, y acompañada por la música original de Vadim Yukhnevich, María García construye historias donde la fragilidad se transforma en valentía, donde la codicia crea incomunicación o donde la imaginación protege de la soledad.

**ANACOS.** Espectáculo de narración oral no que Carlos Rebolo, o contador de historias, preséntanos varios contos de autobiografía ficcionada nos que as lembranzas irán aparecendo sen pedir permiso.

Espectáculo de narración oral en el que Carlos Rebolo, el contador de historias, nos presenta varios relatos de autobiografía ficcionada en los que los recuerdos irán apareciendo sin pedir permiso.

**PROFETAS.** Exercicio meta-teatral no que se fomula a dúbida de si o que se está a ver é unha dramaturxia rematada ou un proceso de traballo que está sendo construíndo diante do público.

Ejercicio metateatral en el que se plantea la duda de si lo que se está viendo es una obra terminada o un proceso de trabajo que se está construyendo frente al público.

**INSTRUCIÓNS PARA TOMAR CAFÉ.** Baseado no libro homónimo de Manuel Núñez Singala, é un espectáculo de narración oral que reúne unha escolma de historias que falan de nós como seres humanos imperfectos.

Basado en el libro homónimo de Manuel Núñez Singala, es un espectáculo de narración oral que reúne una selección de historias que hablan de nosotros como seres humanos imperfectos.







# KIRENIA DANZA

## KIRENIADANZA.GAL

**[GL]** Kirenia Danza é unha compañía de creación artística contemporánea con sede na Coruña, dirixida por Kirenia M. Acosta. ▸ Sitúa o corpo no centro do pensamento artístico e político, investigando novas expresións entre movemento, palabra e dramaturxia do corpo.
▸ A súa danza convive coa poesía e o teatro físico, abordando identidade, migración, ecofeminismo, anti-idadismo e vulnerabilidade como forza transformadora.
▸ A compañía crea, dirixe, distribúe e produce proxectos escénicos desde a investigación continua e a hibridación de linguaxes. Combina creacións propias, encargos coreográficos, colaboracións teatrais, proxectos formativos e cooperación europea arredor da inclusión, o diálogo interxeracional e a mobilidade artística.

**[GL]** Kirenia Danza es una compañía de creación artística contemporánea con sede en A Coruña, dirigida por Kirenia M. Acosta. ▸ Sitúa el cuerpo en el centro del pensamiento artístico y político, investigando nuevas expresiones entre movimiento, palabra y dramaturgia del cuerpo.
▸ Su danza convive con la poesía y el teatro físico, abordando identidad, migración, ecofeminismo, anti-edadismo y vulnerabilidad como fuerza transformadora.
▸ La compañía crea, dirige, distribuye y produce proyectos escénicos desde la investigación continua y la hibridación de lenguajes. Combina creaciones propias, encargos coreográficos, colaboraciones teatrales, proyectos formativos y cooperación europea en torno a la inclusión, el diálogo intergeneracional y la movilidad artística.




© Echo Xu Photography

617 654 332
Kirenia M. Acosta
info@kireniadanza.gal
Antonio Noche López 9, 2.º.
15009 A Coruña
kireniadanza
kireniadanza
kireniadanza8571
kireniadanza

# KIRENIA DANZA

EN CARTEL

**INSTANTE GRADUAL .** Unha peza onde o corpo se ofrece como territorio vivo e arquivo político da súa propia historia, reconfigurándose en cada espazo e tempo. Vinte anos de memoria física, adaptación e resistencia condensados nun acto de presenza radical.

Una pieza donde el cuerpo se ofrece como territorio vivo y archivo político de su propia historia, reconfigurándose en cada espacio y tiempo. Veinte años de memoria física, adaptación y resistencia condensados en un acto de presencia radical.

**AFECTOS .** Peche da triloxía *Os vulnerables, Afectos* convídanos a pensar na migración, na guerra e nas redes de axuda que nos unen en tempos difíciles. Unha homenaxe á solidariedade e á forza emocional que sostén ás persoas desprazadas.

Cierre de la trilogía *Los vulnerables, Afectos* invita a reflexionar sobre la migración, la guerra y las redes de ayuda que nos sostienen en tiempos difíciles. Un homenaje a la solidaridad y a la fuerza emocional de las personas desplazadas.

**CICATRIZ.** Peza de danza que encarna o poema homónimo de Antón Reixa, explorando o desexo como motor vital en dous corpos unidos pola experiencia e a resistencia. Un diálogo interxeracional que celebra a vulnerabilidade, a inclusión e a verdade escénica.

Pieza de danza que encarna el poema homónimo de Antón Reixa, explorando el deseo como motor vital en dos cuerpos unidos por la experiencia y la resistencia. Un diálogo intergeneracional que celebra la vulnerabilidad, la inclusión y la verdad escénica.



© Gwyn Eberton



© Paulo Blue



© Manuel G. Vicente

# LA GUAJIRA

## LAGUAJIRADANZA.COM

**[GL]** Compañía de danza contemporánea que xorde no ano 2023, formada por tres artistas de ampla traxectoria profesional e experiencia no ámbito das artes escénicas. ▸ O proxecto nace da necesidade de explorar unha linguaxe propia onde o movemento e o son dialoguen de maneira orgánica, dando vida a creacións que cruzan a danza contemporánea, a investigación corporal e a música en vivo. ▸ Compaxinan o labor artístico coa docencia en diferentes centros educativos relacionados coa cultura. Son referentes da danza contemporánea en Galicia e forman parte do tecido conectivo dentro da comunidade da Coruña. ▸ A compañía aposta por pezas que indagan no humano, o ancestral e o contemporáneo, cun enfoque íntimo, físico e poético. ▸ La Guajira é a oportunidade de empezar un camiño novo, co sedimento que proporciona a experiencia e á vez coa visión actualizada dos novos tempos.

**[ES]** Compañía de danza contemporánea creada en 2023, formada por tres artistas de amplia trayectoria profesional y experiencia en el ámbito de las artes escénicas. ▸ El proyecto nace de la necesidad de explorar un lenguaje propio donde el movimiento y el sonido dialoguen de manera orgánica, dando vida a creaciones que cruzan la danza contemporánea, la investigación corporal y la música en vivo. ▸ Compaginan la labor artística con la docencia en diferentes centros educativos relacionados con la cultura. Son referentes de la danza contemporánea en Galicia y forman parte del tejido conectivo dentro de la comunidad de A Coruña. ▸ La compañía apuesta por piezas que indagan en lo humano, lo ancestral y lo contemporáneo, con un enfoque íntimo, físico y poético. ▸ La Guajira es la oportunidad de empezar un camino nuevo, con el sedimento que proporciona la experiencia y a la vez con la visión actualizada de los nuevos tiempos.



© Raquel Castro

650 681 556
Ana Beatriz Pérez - Betty
laguajira523@gmail.com
Coronel Cerviño Núñez 2, Baixo A.
15002 A Coruña
laguajiradanza
Laguajiradanza

LAGUAJIRA
COMPAÑÍA DE DANZA

**MINGUANTES.** Apeza atravesa o universo temporal de dúas persoas que van envellecendo. "Cando todo se pare, escoita ao animal minguante, sentirás a beleza do seu silencio".

A peza atraviesa el universo temporal de dos personas que van envejeciendo. "Cuando todo se pare, escucha al animal minguante, sentirás la belleza de su silencio".

**BIONIC.** Espectáculo de danza contemporánea con música en directo que se inspira na tecnoloxía como ponte entre o humano e o poshumano. "Vimos ao mundo cun corpo que lanzamos á vida para nutrilo de experiencias, disposto a recibir e a dar. Un corpo que memoriza vivencias pasadas e desexos futuros, cun algoritmo propio, o sentir".

Espectáculo de danza contemporánea con música en directo que se inspira en la tecnología como puente entre lo humano y lo poshumano. "Venimos al mundo con un cuerpo que lanzamos a la vida para nutrirlo de experiencias, dispuesto a recibir y a dar. Un cuerpo que memoriza vivencias pasadas y deseos futuros, con un algoritmo propio, el sentir".

**ANFIBIA.** Espectáculo de danza e performance que fala dos procesos de adaptabilidade e cambio. Para adaptarse hai que ter valor, crear unha pel distinta, unha pel que respire, que che axude a fluír, a transitar. Adaptarse non é domesticarse, é a práctica continua de reencontrarse, e alén do cambio e da muda, sentirse identificada cunha mesma. Cumprir co maior dos propósitos, seguir vivindo.

Espectáculo de danza y performance que habla de los procesos de adaptabilidad y cambio. Para adaptarse hay que tener valor, crear una piel distinta, una piel que respire, que te ayude a fluIr, a transitar. Adaptarse no es domesticarse, es la práctica de reencontrarse y más allá del cambio y de la muda, sentirte identificada contigo misma. Cumplir con el mayor de los propósitos, seguir viviendo.

**ANFIBIA SEGUNDA PEL.** Dúas miradas que atopan paisaxes en calma e en movemento. O só de danza e performance *Anfibia* e o discurso fotográfico de Raquel Castro para a peza. Dous sinais que nos fan viaxar cara a territorios íntimos, inspirada na muda, os cambios, a segunda pel, onde o poder da imaxe é un distintivo fundamental

Dos miradas que encuentran paisajes en calma y en movimiento. El solo de danza y performance *Anfibia* y el discurso fotográfico de Raquel Castro para la pieza. Dos improntas que nos hacen viajar hacia territorios íntimos, inspirada en la muda, los cambios, la segunda piel, donde el poder de la imagen es un distintivo fundamental.

**NGOMA.** É un espectáculo de danza contemporánea e novas linguaxes que emerxe desde a memoria corporal afrodescendiente, atravesada pola enerxía vital do entroido de Santiago de Cuba. A obra propón unha viaxe física e simbólica a través do movemento, onde un pai e unha filla sosteñen o vínculo que habita na transmisión interxeracional, explorando a conexión entre ritmo, identidade e memoria e reivindicando o ancestral desde unha mirada contemporánea. Ngoma é tambor, pero tamén é rito, é corpo. É unha cerimonia danzada que volve a mirada á orixe para reencontrarse co presente.

Es un espectáculo de danza contemporánea y nuevos lenguajes que emerge desde la memoria corporal afrodescendiente, atravesada por la energía vital del carnaval de Santiago de Cuba. La obra propone un viaje físico y simbólico a través del movimiento, donde un padre y una hija sostienen el vínculo que habita en la transmisión intergeneracional, explorando la conexión entre ritmo, identidad y memoria, y reivindicando lo ancestral desde una mirada contemporánea. Ngoma es tambor, pero también es rito, es cuerpo. Es una ceremonia danzada que vuelve la mirada al origen para reencontrarse con el presente.







# LABORATORIO ESCÉNICO

## LABORATORIOESCENICO.GAL

© Héctor Gómez HECO Films



**[GL]** Cooperativa de Artes Escénicas creada no 2019, desenvolve a súa actividade en Laboratorio Escénico Coop, centro de formación, creación, investigación, produción e distribución de Artes Escénicas (danza, teatro e música) situado A Coruña. ▸ Como compañía, Laboratorio Escénico produce e distribúe espectáculos de danza, teatro e creacións multidisciplinares. ▸ Actualmente conta con tres socias: Alba Fernández (bailarina, mestra de danza e creadora de artes escénicas), Carmen Cotelo (actriz, directora e creadora de teatro) e Alicia López (bailarina, creadora de artes plásticas e artes escénicas).

**[ES]** Cooperativa de Artes Escénicas creada en el 2019, que desarrolla su actividad en Laboratorio Escénico Coop, centro de formación, creación, investigación, producción y distribución de Artes Escénicas (danza, teatro y música) situado A Coruña. ▸ Como compañía, Laboratorio Escénico produce y distribuye espectáculos de danza, teatro y creaciones multidisciplinares. ▸ Actualmente cuenta con tres socias: Alba Fernández (bailarina, profesora de danza y creadora de artes escénicas) y Carmen Cotelo (actriz, directora y creadora de teatro) y Alicia López (bailarina y creadora de artes plásticas y artes escénicas).


675 461 907 | 622 798 617

Alba Fernández | Carmen Cotelo | Alicia López

administracion@laboratorioescenicocoop.com

Santa Luisa de Marillac 12 Baixo. 15002 A Coruña

laboratorioescenicocoop

laboratorioescenicocia


LABORATORIO ESCÉNICO COOP

